

Venres, 03 Xullo 2015 10:03

# Colaboración entre a AELG e Cultura

Publicado por [Redacción](#)



O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez Iglesias, e o conselleiro de Cultura de Galicia Román Rodríguez, asinaron hoxe dous convenios de colaboración grazas os cales o goberno de Galicia apoia a actividade desta entidade cunha achega total de 21.000 euros.

No que atinxo á promoción do libro e da lectura, a Consellería colabora cunha das actuacións de referencia para a asociación, que é a Gala das Letras, onde se entregan os premios anuais que escollén os membros da AELG á mellor obra publicada no último ano en diversas modalidades. Ao abeiro deste convenio, tamén se realizan diversas

iniciativas que teñen como finalidade recuperar o patrimonio oral, literario e musical galego; obradoiros de creación literaria; tarefas de dixitalización para ampliar o Centro de Documentación de Escritores e Escritoras da web da AELG; e mais o acto de homenaxe 'O escritor na súa terra', recoñecemento á dilatada carreira dunha autora ou autor galego que este ano recaeu en Xosé María Álvarez Cáccamo.

Ao abeiro destes convenios, a AELG realizará o seminario destinado a pór en valor a obra literaria dos escritores e escritoras en lingua galega, tanto clásicos coma contemporáneos. Así mesmo, continuarán co ciclo de conferencias 'Escritores na Universidade', que se desenvolve nos campus de Vigo e Ourense; e coas II Xornadas Internacionais de Literatura Infantil e Xuvenil na Escola Universitaria de Maxisterio en Vigo. Estas actuacións complétanse con encontros de escritores en lectorados de galego dependentes da Rede de Centros de Estudos Galegos e con colaboracións literarias na revista 'O Salmón Oval'.